

CONVOCATORIA MEDIOS

Día: martes, 15 de novembro de 2005

Hora: 11:00 h.

Lugar: Centro de Supercomputación de Galicia
Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela – A Coruña

Acto: Olimpiada da Ciencia CESGA 2005

Semana da Ciencia en Galicia 2005 (Financiada pola Dirección Xeral de I+D+i,
Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia)

Santiago, 14 de novembro.- Escolares de entre 9 e 10 anos das cidades de Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra reuniranse virtualmente para participar nun concurso durante o que deberán explicar diversos experimentos científicos, e que se levará a cabo facendo uso da rede de alta velocidade que conecta as universidades do sur de Galicia e do norte de Portugal e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Conseguir meter un ovo enteiro nun matraz, sacar unha moeda dun cinceiro sen mollarse os dedos e facer flotar un clip nun vaso de auga serán algunhas das actividades que se lles proporán aos participantes. Estes terán un máximo de quince minutos para levalas a cabo e dar unha explicación científica ao fenómeno que o fixo posible.

Neste acto participarán alumnos dos Colexios de Ensino Infantil e Primario Colexiata do Sar (Santiago); Lagoas III "Mestre Vide" (Ourense) Chans Bemvivre (Vigo) e Xunqueira (Pontevedra).

O concurso desenvolverase facendo uso da rede de salas de traballo colaborativo Access Grid, que une a Universidade de Vigo, con campus en Pontevedra, Vigo e Ourense, a Universidade do Minho, en Portugal, con campus nas cidades de Braga e Guimaraes, e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Estas instalacións fan posible que persoas situadas a grandes distancias traballen coa mesma facilidade que se atopasen nun mesmo espazo, e permiten compartir unha grande cantidade de recursos (imaxes, notas, presentacións, etc).

Tanto as salas Access Grid como a rede de alta velocidade que fai posible o seu funcionamento foron construídas dentro do proxecto TORGA.net, que ten como obxectivo favorecer a creación dun espazo de investigación único na eurorrexión composta polo sur de Galicia e o norte de Portugal.

TORGA.net foi financiado con Fondos Europeos para o Desenvolvemento Rexional, procedentes da Unión Europea.

Se desexa máis información, pódese poñer en contacto co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) no número de teléfono 981 56 98 10.